



ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS DO ENSINO PRIVADO CONCERTADO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SOBRE A PAGA EXTRAORDINARIA POR ANTIGÜIDADE NA EMPRESA.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 18 de novembro de 2010, autorizou a sinatura do Acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no artigo 61 do V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

Por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 24 de novembro de 2010 foi ordenada a publicación do antedito Acordo, efectuada no Diario Oficial de Galicia número 227, do día 25 do mesmo mes e ano.

Ao amparo do Acordo asinado presentáronse as correspondentes solicitudes polo profesorado do ensino concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, das que se admitiron un total de 343 con carácter definitivo, publicadas por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 22 de novembro de 2011.

O Acordo, no seu apartado quinto, establece que a paga extraordinaria por antigüidade aboarase ata o límite do crédito existente na partida orzamentaria que detalla, dotada por un importe de 1.000.000,00 de euros; límite que determina que unha grande das solicitudes formuladas non poidan atenderse co crédito orzamentario dispoñible.

A anterior continxencia estaba prevista no número 3 do apartado quinto do Acordo, no que se sinala que *as solicitudes presentadas e non tramitadas ao amparo do presente acordo, substanciaranse no marco do acordo entre a Consellería de Educación e*



Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a paga extraordinaria por antigüidade na empresa que se formalizará no ano 2011 segundo as disponibilidades orzamentarias.

Con este acordo garántase o dereito ao percibo da paga extraordinaria por antigüidade na empresa das persoas que formularon a súa solicitude de conformidade co acordo asinado no ano 2010; pero que non poidan atenderse co crédito consignado nel para efectuar o pagamento. Dereito que, en calquera caso, só se fará efectivo na medida en que exista crédito axeitado e suficiente para tal fin, o autoricen os órganos competentes na materia desta Administración e o acorde a Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado.

Por todo o que antecede, logo da negociación levada a cabo na Comisión tripartita do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, con autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ...de ... de ..., adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comprométese ao aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa, establecida no artigo 61 do V Convenio colectivo de empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, ao profesorado cuxa solicitude, formulada ao amparo do acordo autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 18 de novembro de 2010 (Resolución do 24 de novembro de 2010), estea incluída na relación definitiva de admitidas publicada por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 22 de novembro de 2011 e non se tramite por razón do límite do crédito orzamentario que determina o apartado quinto do acordo.

Segundo. A paga extraordinaria aboarase, segundo as disponibilidades orzamentarias, ao profesorado incluído na relación a que se refire o apartado anterior, seguindo a orde de prelación establecido nela, ata o límite do crédito que se consigne, a tal efecto, nas correspondentes partidas orzamentarias.



Terceiro. O acordo de abono individualizado da paga para os incluídos na relación definitiva de admitidos, publicada por Resolución do director xeral de Centros e Recursos Humanos do 22 de novembro de 2011, realizarase nas mesmas condicións e requisitos que establece o Acordo publicado por Resolución da mesma dirección xeral do 24 de novembro de 2010.

Para a súa efectividade, este acordo deberá ser tomado na Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado, previa conformidade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que autorice o crédito dispoñible.

Cuarto. A interpretación e seguimento do presente acordo realizarase, se é o caso, pola comisión constituída de conformidade co apartado oitavo do acordo do ano 2010.

Quinto. A vixencia do presente acordo rematará unha vez que se abone a paga a tódolos solicitantes que figuran na citada relación definitiva de admitidos.

Para que conste, asinan este acordo en Santiago de Compostela, ...